

INSTRUCCIÓN 1/2025 QUE REGULA A TRAMITACIÓN E O PAGAMENTO DE DESPRAZAMENTOS A OUTRA LOCALIDADE QUE SE REALICEN COMO CONSECUCENCIA DE IMPARTIR DOCENCIA NO CURSO ACADÉMICO 2025/26

Como consecuencia da planificación docente é preciso que parte do profesorado se desprace, indistintamente, entre A Coruña e Ferrol. Para compensar os gastos ocasionados por estes desprazamentos, dítase a presente instrución no marco do Regulamento para liquidar e para tramitar indemnización por razóns de servizo (IRS) aprobado en Consello de goberno do 27 de abril de 2023.

1. O motivo destes desprazamentos deberá ser impartir docencia en materias de titulacións oficiais, nun centro da Universidade da Coruña situado nunha localidade distinta ao lugar habitual de traballo. Só se aboarán os gastos de viaxe correspondentes aos desprazamentos. No caso de ser necesario, por motivos de eficacia, realizar desprazamentos dende outra localidade deberá solicitarse de forma motivada a autorización de Xerencia. En calquera caso, os importes destes gastos de viaxe non poderán ser superiores aos que se aboan por desprazamentos entre A Coruña e Ferrol ou viceversa.

Para os efectos desta instrución enténdese que o lugar habitual de traballo será aquel en que o/a profesor/a teña maior carga docente segundo o POD para o curso académico 2025/26, e sempre que se cumpra o establecido nos apartados 3 e 4 do artigo 1 do Acordo do Consello de Goberno do 30 de xaneiro de 2025 polo que se aproba o procedemento para a elaboración do plan de organización docente.

2. Os departamentos deberán enviar á vicerreitoría de Profesorado os anexos I - Folla de previsión de gastos de desprazamentos (un para o exercicio 2025 e outro para o exercicio 2026) e o anexo II - Proposta do departamento **antes do 26 de setembro** de 2025 (incluído).

Terá dereito a percibir esta indemnización por gastos de viaxe unicamente o profesorado incluído nos citados anexos.

3. De existir saldo na partida orzamentaria do departamento do curso 2024/25 como consecuencia de gastos que non van ser realizados, indicárase na cuadrícula (b) **do ANEXO I do exercicio 2025** e restárase do total da previsión. A cantidade autorizada será a resultante de dita compensación. Poderanse descontar os pagamentos pendentes de tramitar correspondentes ao curso académico 2024/25 que se incluírán na cuadrícula (c) do Anexo I do exercicio 2025.
4. Para o cálculo dos desprazamentos, o período das aulas axustarase ao calendario académico da UDC para o curso académico 2025/26.

Non se pagarán os gastos por desprazamentos fóra do período en que se imparte a materia, nin viaxes correspondentes a días non lectivos. Con todo, poderanse incluír os desprazamentos como consecuencia da celebración e revisión de exames, respectando as seguintes condicións:

- Aboarase un desprazamento (ida e volta) por materia e oportunidade co fin de realizar os exames correspondentes.
- Só se pagará un desprazamento por convocatoria para a revisión de exames. No caso de impartir máis dunha materia noutra localidade deberá fixarse o mesmo día de revisión para todas.
- Non se pagarán desprazamentos por titorías fóra dos días das aulas. Os horarios de titorías presenciais, de existir, adecuaranse aos mesmos días dos desprazamentos por docencia.

- Non se pagarán os desprazamentos por titorías de traballo de fin de grao ou fin de mestrado. No caso de manterse en modalidade presencial, as titorías deberán coincidir cos días en que se impartan aulas.
 - Nas materias sen docencia e con dereito a exame dos plans de estudos en extinción autorizarase o pagamento dos desprazamentos por exames e revisión de exames do xeito indicado nos puntos anteriores.
 - Non se pagarán os desprazamentos por participación en tribunais de traballos de fin de grao ou de fin de mestrado. De ser necesaria a participación no tribunal de profesorado dunha localidade distinta á do centro onde se realice a defensa esta levarase a cabo de forma telemática.
5. A vicerreitoría de Profesorado solicitará á Xerencia a dotación da cantidade autorizada na correspondente partida orzamentaria do departamento e devolverá o ANEXO I autorizado ao departamento.
 6. O gasto imputarase mensualmente con cargo á partida orzamentaria previamente dotada no departamento. Unha vez efectuados os desprazamentos correspondentes a un mes que foran autorizados, a persoa comisionada deberá entregar no prazo de dez días hábiles a documentación xustificativa do gasto.
 7. Mentres non se poña en marcha unha aplicación informática para xestionar as indemnizacións por razón de servizo a tramitación levarase a cabo utilizando o anexo IV en formato electrónico que acompaña o *Regulamento para liquidar e para tramitar indemnizacións por razón de servizo* e seguindo as instrucións que facilitará a correspondente unidade responsable da xestión económica.
 8. A tramitación das indemnizacións correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2025 farase segundo a instrución para regular as operacións de cerramento do exercicio 2025 que no seu día estableza a Xerencia e de acordo coa normativa vixente sobre imputacións de crédito da UDC.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado

Teresa López Fernández